

## Addenda a programación de Educación Física

De conformidade coa normativa da Orde 25.01.2022 en materia de avaliación, cómpre citar as seguintes modificacións na programación do departamento de Educación Física para que se adecúen ao calendario de avaliación, promoción e a titulación en secundaria obrigatoria e en bacharelato.

### E.S.O.

Materias: Educación Física e Xadrez

Unha vez realizada a terceira avaliación para a ESO e ata a avaliación final de E.S.O., realizaremos as seguintes modificacións na programación:

Para o alumnado que teña as tres avaliacións parciais superadas:

Actividades	Instrumentos ou ferramentas de avaliación	Criterios de cualificación
De reforzo e/ou ampliación (xogos e deportes)	Probas obxectivas, traballos, rexistros e/ou observación (participación, puntualidade, vestimenta, compañeirismo, respecto polas normas, esforzo por mellorar)	O alumnado que obteña unha cualificación positiva sumará 0,5 puntos a súa nota final.

Para o alumnado que teña a terceira avaliación sen superar (xa que a avaliación é continua e aquel que supera a terceira ten as anteriores recuperadas) farase un breve informe de avaliación individualizado que sirva de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación:

Actividades	Instrumentos ou ferramentas de avaliación	Criterios de cualificación
De apoio e/ou recuperación. (condición física, xogos e deportes)	Probas obxectivas, traballos, rexistros e/ou observación. (participación, puntualidade, vestimenta, compañeirismo, respecto polas normas, esforzo por mellorar)	Contidos conceptuais 20%  Contidos procedimentais 50%  Contidos actitudinais 30%

## B.A.C.

Materia: Educación Física.

Realizaremos as seguintes modificacións na programación:

Para o alumnado que participou no intercambio de longa duración con Italia, a súa nota será o resultado de valorar a 1ª avaliación cun peso do 40%, a 2ª que ven de Italia cun 20% e a 3ª cun 40%